



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Modelización e axuste estacional de series económicas de alta frecuencia

CONVOCATORIA: Curso Modelización e axuste estacional de series de alta frecuencia

GRUPO: Economía Pública (Formación Contínua)

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	10
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2023
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEPRESENZA	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 20/09/2023 - 09:00h ao 21/09/2023 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

Este curso ofrece unha presentación detallada da metodoloxía e o software necesario para a modelización e o axuste estacional de series de moi alta frecuencia (diaria e semanal).

O curso comprende tanto o desenvolvemento teórico da metodoloxía en dúas etapas (pre-procesamento e modelización estocástica), incluíndo exemplos de ambas, como un exercicio práctico detallado utilizando datos diarios da economía española e galega. Dentro das aplicacións, presentárase especial atención á súa implementación informática na linguaxe de programación R e a modelización de efectos anómalos, en particular os asociados co impacto da Covid-19.

DESTINATARIOS

Persoal que presta servizos no Instituto Galego de Estatística (IGE).

No caso de non se cubrir a totalidade das prazas convocadas, poderá acceder ás vacantes que resulten o persoal empregado público ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.

PROGRAMA

Día 26 de setembro, de 09:00 a 12:00 horas

1. Modelización estrutural:

- Planeamento xeral
- Irregularidade
- Tendencia-ciclo
- Estacionalidade: semanal, mensual, anual.
- Irregularidade
- Modelo conxunto
- Especificación, estimación e diagnóstico
- Predición

Día 27 de setembro, de 09:00 a 12:00 horas

2. Pre-procesamento

- Efectos de calendario
- Efectos de interacción entre compoñentes estacionais
- Análises de intervención: COVID-19
- Observacións atípicas

3. Aplicación

- Modelización completa e axuste estacional da serie diaria de vendas interiores do Sistema Inmediato de Información (SII) do IVE
- Implementación na linguaxe R.

Día 3 de outubro, de 09:00 a 11:00 horas

- Modelización completa e axuste estacional da serie semanal de falecementos (INE-Estadística experimental)
- Implementación na linguaxe R.

Día 4 de outubro, de 09:00 a 10:30 horas

- Modelización completa e axuste estacional da serie diaria de afiliación á Seguridade Social.

10:30 a 11:00 horas - Proba final

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación de solicitudes ata completar o número de prazas. Terá preferencia o persoal do Instituto Galego de Estatística (IGE).

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA

LOCALIDADE: Telepresenza

INICIO / FIN: 26/09/2023 a 04/10/2023

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 04/10/2023 ás 10:30h

DOCENTES NOMEADOS

ANGEL CUEVAS GALINDO

ENRIQUE MARTÍN QUILIS

LUGAR DE REALIZACIÓN

Sala telepresenza: Os días 26 e 27 de setembro de 09:00 a 12:00. Os días 03 e 04 de outubro de 09:00 a 11:00.

<https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Sesións telepresenza: 26 e 27 de setembro, en horario de 09:00 a 12:00, 3 e 4 de outubro de 2023, en horario de 09:00 a 11:00 horas.

Exame en liña.